

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



*CEIP MANUEL MASDÍAS
FERROL*

- **INDICE**

- **1. INTRODUCCIÓN**
- **2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**
 - **2.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.**
- **3 . IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.**
- **4. DETERMINACIÓN DE OBXECTIVOS.**
- **5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**
- **6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.**
- **7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**
- **8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.**
- **9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.**
- **10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.**
- **11. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.**

1. INTRODUCCIÓN.

A Lei orgánica de educación (LOE), no seu artigo 121.2 establece que o proxecto educativo do centro *“recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado ...”*.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón, entre outras cousas:

- a) *O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado. (Artigo 10)*
- b) *Os departamentos de orientación, ou os recursos equivalentes nos centros privados concertados, serán os responsables de elaborar, de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos departamentos e/ou equipos de ciclo, a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que trasladarán ao equipo directivo. (Artigo 11.1)*
- c) *O Plan Xeral de Atención á Diversidade será aprobado polo consello escolar, por proposta do claustro do profesorado, e pasará a formar parte do proxecto educativo. (Artigo 11.2)*
- d) *O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade. (Artigo 11.3)*
- e) *Ao comezo de cada curso escolar, os departamentos de Orientación dos centros elaborarán a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da Programación Xeral Anual. (Artigo 11.4)*
- f) *O equipo directivo incorporará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á Programación Xeral Anual, e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria. (Artigo 11.5)*

Ese mesmo decreto, no seu artigo 12, establece a estrutura básica do PXAD.

En consecuencia, considerando a normativa citada e as características e recursos deste centro, elabórase este Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), co norte permanente de que a diversidade é un valor, ademais dunha realidade, e a súa atención educativa, un dereito.

Este PXAD articúlase en 11 epígrafes. A primeira, de introdución.

A segunda, na que se recollen os principais elementos que conforman o contexto do centro.

A terceira, na que se identifican e valoran as principais necesidades percibidas polo profesorado.

Na cuarta formúlanse os obxectivos que se pretenden acadar para dar resposta ás necesidades expresadas.

Na quinta realízase unha descrición das actuacións, medidas e/ou programas que se consideran necesarios para atender a diversidade deste centro.

A sexta epígrafe recolle os criterios que se consideran necesarios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

Na sétima realízase a concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación ás medidas deseñadas para o centro.

Na epígrafe oitava establécense os mecanismos de coordinación e colaboración internos e externos.

Na novena defínense as canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.

A epígrafe décima é a que fai referencia aos distintos protocolos, os cales se aportan como anexos, dada a distinta configuración de cada un deles.

Finalmente, a epígrafe décimo primeira establece os procesos de seguimento, avaliación e mellora do PXAD.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

2.CONTEXTO

O barrio de Caranza (Ferrol) amosa unhas características singulares dende o punto de vista socio económico e cultural que teñen, inevitablemente, o seu correspondente na vida escolar.

Trátase dun barrio constituído na década dos setenta no asentamento da antiga parroquia de Caranza, eminentemente rural. Desde a súa creación, onde chegou a ter máis de 20.00 habitantes, ata a actualidade tivo unha importante perda poboacional, ronda agora os 12.000 habitantes. Este descenso foi debido ás reconversións da industria naval e, nestes momentos a unha profunda crise económica que mantén un alto índice de paro no barrio, producindo a emigración da xente máis nova, co conseguinte envellecemento poboacional.

Aséntanse tamén no barrio, unhas 150 familias de etnia xitana, que teñen maioritariamente ao noso centro como referencia. A presenza de poboación inmigrante é moi minoritaria en relación a outras zonas, debido ás características económicas da comarca.

As clases medias que tiñan unha presenza, aínda que minoritaria, moi activa no barrio, xunto a un sector da poboación vinculado ao estamento militar, veñen de abandonalo por diferentes causas.

A baixada de matrícula no centro, ao longo destes anos, ten a súa razón de ser nestas circunstancias, xunto á competencia, que xogan con vantaxe, os dous centros concertados do barrio.

Estas mesmas circunstancias debilitaron o asociacionismo que xogou no barrio un papel principal, conseguindo dotalo dos servizos dos que carecía na súa constitución, ou levando adiante loitas importantes contra o tráfico e consumo de drogas.

Na actualidade a pobreza e a marxinación social teñen unha clara presenza no noso centro. A falta de recursos dentro e fora do centro, fan moi dificultoso falar de educación compensatoria. Só o compromiso e o entusiasmo do profesorado, xunto ao apoio e confianza das familias, o centro, como comunidade educativa, pode afrontar as actuais circunstancias. A adxudicación de distintos programas de mellora educativa e premios por proxectos e innovacións, dan conta delo.

Tipoloxía escolar

O Colexio de Educación Infantil e Primaria Manuel Masdías é un centro que depende da Consellaría de Educación e O.U. da Xunta de Galicia, que foi creado no ano 1980 como centro público de ensino básico, cunha estrutura xurídica de 16 unidades de Educación Xeral Básica e unha de Educación Especial, ademais de contar en instalacións habilitadas fóra do recinto con varias unidades de Preescolar. Contaba daquela cun único edificio escolar nun recinto amplo e con dúas pista polideportivas exteriores abertas. A presión exercida por toda a comunidade e polas entidades do barrio en xeral deu como resultado a construción dun edificio para Preescolar de tres unidades na parte leste das instalacións.

Así mesmo, conseguíuse que se incrementase unha unidade de Educación especial e que a dotación de profesorado tivese sempre en conta as necesidades educativas específicas que presentaba o alumnado.

Actualmente o alumnado está concentrado nun soio edificio. É un centro completo dunha línea. O profesorado está definitivo. Contamos cun/ha profesor/a provisional compartido de AL

2.1 CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O CEIP Manuel Masdías realiza unha oferta educativa de carácter global e pública, xa que logo, gratuíta, para @s nen@s dende o comezo do segundo ciclo de educación infantil (3 anos) ata o remate da educación primaria (12 ou 13 anos).

O noso alumnado terá garantida a praza para a Educación Secundaria Obrigatoria no IES Carballo Calero.

Os trazos que nos definen son:

Participación: no noso centro todos os sectores da comunidade educativa teñen garantida a súa participación real e efectiva no deseño e funcionamento do centro, na elaboración e revisión do seu proxecto educativo, regulamentos, presupostos..., a través dos diferentes órganos de representación e do contacto titorial diario para o alumnado, semanal para as nais e os pais e trimestral para as asembleas de aula. Ademais da

participación lúdica nas festas e actividades de carácter cultural que se celebran ao longo do curso escolar.

Pluralismo: No noso centro non se aplica discriminación ningunha, nin por razón de etnia, nin de lingua, nin de crenzas relixiosas, nin de ningunha outra caste, consonte cos valores democráticos que postulamos. Por iso procuramos e garantimos o máximo respecto e consideración a todas as persoas.

Convivencia: baseamos a convivencia no respecto mutuo e na resolución de conflitos de maneira educativa e comunitaria, coa posta en práctica dos principios básicos da comunicación, da explicitación de normas e do cumprimento das mesmas.

Transparencia: consonte co principio de participación, todos os sectores da comunidade educativa están informados e poden acceder a calquera información relacionada co centro (proxectos curriculares, criterios de avaliación ,regulamentos...), coa única excepción da imprescindible confidencialidade en cuestións de índole persoal.

A confesionalidade: consonte co antedito, o noso centro é aconfesional, sen prexuízo do respecto ás crenzas e do cumprimento do contemplado nas leis tocante á impartición de clases de diferentes relixións nos centros educativos.

Coeducación: queremos unha educación non sexista, que respecte e potencie os valores da persoa con independencia do seu sexo ou de calquera outro parámetro discriminatorio. Procuramos que isto estea presente transversalmente en todas as nosas actividades e nas linguaxes empregadas.

Integración: resulta fundamental a integración de tod@s na escola, como medio que reproduce a sociedade actual no seu conxunto, onde as capacidades de cada un e cada unha poidan ser desenvolvidas acoidadamente, con axudas recíprocas e solidarias.

Compensación: sabedores das diferentes situacións e posibilidades sociais e económicas que teñen @s nos@s nen@s, procuramos compensalas na medida dos nosos medios e con todos os nosos esforzos, por medio dos nosos propios recursos ou xestionando recursos alleos.

Inserción no medio: somos de Caranza, e dende esa perspectiva pretendemos unha inserción no noso contorno máis próximo e, dende el, ir ao coñecemento de medios máis amplos (Ferrol, a comarca, Galicia, ...). Para iso contamos, entre outros recursos, cun plano de saídas escolares debidamente programado e secuenciado para toda a permanencia no centro (tres por curso, como mínimo).

Colaboramos tamén con algunhas entidades do barrio en diferentes iniciativas.

Normalización lingüística e cultural: somos dun país que conta cunha lingua propia e milenaria, que debemos levar á situación de normalidade no uso que lle corresponde. Do mesmo xeito ocorre coa nosa cultura tradicional e actual.

Esa lingua e esa cultura tradicional están presentes aínda de xeito moi especial nos avós e nas avoas do barrio e constitúen as raíces do noso pobo, imprescindibles para, asentándonos nelas, sermos capaces de construír o noso mundo con personalidade. Por iso contamos cun plano de normalización lingüística, que se vén levando a cabo dende hai anos de maneira satisfactoria, e con actividades culturais diversas ao longo de todo o curso.

Metodoloxías renovadoras: procuramos empregar unha metodoloxía que

integre métodos axeitados segundo sexan pertinentes en razón das áreas, idades...; construtiva, é dicir, que permita a construción das súas aprendizaxes por partes; participativa e activa.

Fomentamos a introdución de novas tecnoloxías da información e da comunicación(TIC), podendo salientar que, ademais do funcionamento da aula de informática, contamos cun ordenador en cada aula e con medios audiovisuais axeitados. Toda a rede do centro está conectada mediante unha intranet e con acceso a internet. Actualmente temos o ABALAR.

Avaliación: a avaliación forma parte de todos os procesos que se levan a cabo no centro de xeito participativo; non só no tocante ao alumnado, co que se procura que sexa educativa, senón tamén da propia intervención e, en xeral, de todos os aspectos da vida escolar.

Éxito e alegría: pretendemos que os nosos nenos saian para diante con éxito en calquera das outras etapas educativas que realicen, nomeadamente na (ESO), e, sobre todo, que o consigan sendo felices no seu colexio.

Consideramos imprescindible unha educación en valores, de carácter comprensivo e que poña aos nenos en disposición de saberen analizar criticamente o medio no que se desenvolven, de adaptárense a novas situacións descoñecidas e de transformaren o seu mundo cos valores adquiridos.

Así que os obxectivos fundamentais é conseguir que sexan libres, participativos, críticos, transformadores/as, creativos, cultos, instalados no seu país .

Actualmente todo o profesorado ten destino definitivo no centro. Contamos cunha profesora provisional compartida de AL .

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

Como punto de partida para a redacción deste Plan , utilizamos no mes de outubro unha enquisa ao profesorado .

As principais necesidades percibidas, valoradas por orde de maior a menor consideración (prioridade), figuran na seguinte relación:

1. En xeral, é necesario incrementar o nivel de autonomía do alumnado á hora de aprender (competencia para aprender a aprender).
2. En xeral, é necesario mellorar o grao de motivación e de esforzo do alumnado
3. En xeral, é necesario mellorar os índices de comprensión lectora e de expresión escrita do alumnado.
4. . En xeral, é necesario mellorar a competencia comunicativa oral na Lingua Galega.
5. En xeral, é necesario incrementar a competencia do alumnado nos cálculos e resolucións de problemas matemáticos.

6. En xeral, é necesario mellorar os índices de atención do alumnado respecto das explicacións do profesorado e da realización das actividades.
7. En xeral, é necesario mellorar a competencia comunicativa oral na lingua inglesa.
8. En xeral, é necesario cultivar os valores da tolerancia e da amizade e o respecto polas diferenzas.
9. En xeral, é necesario mellorar a acollida e a inclusión do alumnado con necesidade específica de apoio educativo por parte da totalidade do alumnado.
10. En xeral, é necesario rebaixar os niveis de competitividade e insolidariedade do alumnado no que atinxe ás tarefas escolares.
11. En xeral, é necesario desenvolver habilidades sociais no alumnado para que saiba resolver os conflitos.
12. En xeral, é necesario adaptar os contidos e a metodoloxía a cada idade e, tamén, adaptar a lexislación.
13. En xeral, é necesario mellorar a inclusión do alumnado con NEE dentro da aula ordinaria por parte do profesorado.

4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.

Os obxectivos que se formulan e pretenden acadar con este PXAD, tomando como referencia as primeiras necesidades expresadas no epígrafe anterior, son:

- a) Incrementar a autonomía do alumnado e a súa competencia para aprender a aprender.
- b) Mellorar o nivel xeral de atención do alumnado e o seu compromiso (motivación e esforzo) na realización das actividades escolares.
- c) Mellorar a comprensión lectora e a expresión escrita do alumnado.
- d) Mellorar a expresión oral do alumnado.
- e) Incrementar a competencia matemática do alumnado.
- e) Axustar os recursos educativos á realidade do alumnado.
- f) Aplicar mecanismos de enriquecemento curricular ou flexibilización para o alumnado de altas capacidades.

5. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Para acadar os obxectivos deste PXAD artículanse as seguintes medidas:

a) En relación co obxectivo referente á *ao incremento da autonomía do alumnado e da súa competencia para aprender a aprender:*

*Conexión das novas propostas de aprendizaxe co que o alumnado xa coñece e en contextos significativos para este.

*Practica insistente da técnica do modelado, verbalizando todos os pensamentos.

*Establecemento de rutinas sistemáticas (modelado autoinstrucional), tanto no que ten que ver co material necesario como co proceso de abordaxe dunha actividade (lectura rápida, lectura lenta, comprensión do vocabulario, identificación das partes e do obxectivo final, realización de esquemas ou operacións parciais, comprobación do feito e das respostas, etc.

* Promoción do traballo colaborativo, co intercambio de ideas, camiños e resultados entre o alumnado (titoría entre iguais).

* Prestación das axudas que o alumnado necesite, pero só as que necesite.

* Verificación das realización do alumnado coa máxima inmediatez.

* Oferta de moitas e diferentes ocasións para practicar o aprendido, promovendo o uso dos recursos tecnolóxicos.

* Practica de estratexias de autoavaliación por parte de alumnado e de coavaliación profesorado-alumnado.

* Respecto polos ritmos de aprendizaxe do alumnado, facilitando o tempo que cada alumna ou alumno necesite.

* Coidado permanente da autoestima do alumnado.

b) En relación co obxectivo referente á *mellora da atención do alumnado e do seu esforzo:*

* Promoción da individualización da atención do profesorado, con orientación permanente (antes, durante e despois das actividades de aprendizaxe).

* Consideración permanente das ideas previas do alumnado e da súa zona de desenvolvemento próximo, axustando o nivel de esixencia.

* Secuenciación da información (instrución).

* Axuste (incremento) dos tempos.

- * Reiteración das explicacións, coa máxima variedade de recusos.
- * Práctica do modelado e establecemento de rutinas de traballo.
- * Consideración da opcionalidade e da elección do alumnado.
- * Reiteración constante da importancia do que se vai aprender.
- * Valoración do esforzo e potenciación da autoestima.
- * Práctica da avaliación formativa.

c) En relación co obxectivo referente á *mellora da comprensión lectora e da expresión escrita do alumnado*:

Elaboración dun programa para a mellora da comprensión lectora, no que se consideren a ensinanza, a práctica e a aplicación da instrución realizada, usando estratexias como:

- * Anticipación ao alumnado do que vai aprender mediante a lectura.
 - * Realización prácticas de modelado, verbalizando todo o proceso de cómo razoar mentres se vai lendo.
 - * Ensinanza para entender a estrutura dun texto narrativo (asunto ou historia, escenario, personaxes, problema, accións e solución) e a dun texto expositivo (idea, obxectivo pretendido e organización interna).
 - * Localizar a idea principal e para reparar nos detalles importantes da lectura.
 - * Entrenamento do alumnado na verificación de que o que vai lendo ten sentido; o que pode facerse mediante resumos, autoaclaracións, autopreguntas, predicións, ...
 - * Promoción de moitas oportunidades de practicar o aprendido, algunhas inmediatas ao proceso de ensinanza. Consideraranse a lectura en voz alta por parte do profesorado, a lectura conxunta alumnado-profesorado, a lectura en voz alta do alumnado, a realización de redes da historia (mapas conceptuais), a verificación do aprendido ou do lido (debates, preguntas orais, ...), etc.
- o Uso de textos adaptados ao coñecemento previo do alumnado e ao seu vocabulario.
- * Entrenamento da expresión escrita (escritura) ao mesmo tempo cá lectura, considerando:
 - * A escritura conxunta profesorado-alumnado, con estratexias de modelado (verbalizando con detalle todo o proceso).
 - * A promoción de temas sobre os que escribir.
 - * A promoción da revisión permanente dos escritos, verificando se se segue o plan inicial, se se conta o que se quere contar, se os grafemas se corresponden cos fonemas previstos, se a ortografía vai sendo a adecuada, etc.
 - * A posible publicación, cando menos caseira (para a aula e o centro), onde se coidarán a limpeza, as marxes, a separación dos parágrafos, a ortografía, a puntuación, ...
 - * O uso dos textos propios como material de lectura

d) En relación co obxectivo referente á mellora da expresión oral do alumnado :

- * Deseño e implantación dun Programa de Estimulación da Linguaxe

e) En relación co obxectivo referente ao *incremento da competencia matemática do alumnado*:

- * Práctica frecuente do modelado, con oralización de todos os pensamentos.

- * Práctica e esixencia do “rigor” expresivo, tanto oral como escrito.

- * Práctica da explicación (aclaración) de calquera paso ou decisión.

- * Promoción do uso dos recursos tecnolóxicos e multisensoriais.

- * Elaboración dalgún programa de ensinar a pensar.

No tocante aos problemas:

- * Identificación do problema, do que conta, do que pide, dos datos que aporta.

- * Representación do problema (esquemas, debuxos, ...).

- * Reflexión (tanteo) sobre a posible solución.

- * Exploración das alternativas e dos pasos (etapas) necesarios.

- * Execución da alternativa elixida, coas operacións necesarias.

- * Comprobación do resultado e dos pasos seguidos.

f) En relación ao obxectivo referente ao *axuste dos recursos educativos á realidade do alumnado*, ou ás ás medidas de ámbito xeral:

- * Coordinación vertical e horizontal das programacións das diferentes áreas.

- * Adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación ás circunstancias do alumnado (*por exemplo nos casos de TDAH , dislexia, TEA..*)

- * Establecemento de criterios para a utilización dos servizos de apoio.

- * Elaboración dun modelo de solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación por parte do profesorado.

- * Elaboración dun modelo de solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación por parte das familias.

- * Elaboración dun programa para a acollida do alumnado e do profesorado de nova incorporación.

- * Elaboración dun programa para a preparación do alumnado e das súas familias para o cambio de etapa significativa (de Infantil a primaria e ao rematar 2º ciclo de EP).

- * Deseño dun modelo no que planificar ás áreas dunha adaptación curricular.

- * Elaboración dun programa preventivo de identificación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e das súas necesidades educativas.
- * Oferta de medidas de reforzo educativo para o alumnado que repite curso así como para o alumnado que promocionou de curso sen ter acadados os obxectivos.
- * Elaboración dun informe final de curso, por parte do profesorado titor, sobre as medidas de reforzo educativo aplicadas a cada alumna ou alumno.
- * Oferta de medidas de apoio educativo de PT e/ou AL ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que o requira.
- * Elaboración dun informe final de curso, por parte do profesorado de PT e/ou AL, sobre as medidas de apoio educativo aplicadas a cada alumna ou alumno.
- * Elaboración dun programa de habilidades sociais para o alumnado con comportamento disruptivo así como para o que de ser o hipotético caso se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro como consecuencia da imposición das medidas correctoras.
- * Oferta de grupos de adquisición das linguas e/ou de adaptación da competencia curricular ao alumnado procedente do estranxeiro que o precise.
- * Oferta de adaptación do currículo ao alumnado con necesidades educativas especiais que requira esa medida.
- o Oferta de enriquecemento curricular ou redución do tempo de escolarización (flexibilización) ao alumnado de altas capacidades acreditada.
- * Oferta de ampliación do tempo de escolarización (flexibilización) ao alumnado con necesidades educativas especiais que se considere.

Obviamente, as medidas citadas nos catro primeiros epígrafes cobran maior importancia cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo, polo que o traballo do profesorado de apoio tratará de promover esas aprendizaxes, ao ritmo que o permita o alumnado ao que apoia.

Estes plans iranse desenvolvendo paulatinamente nos cursos vindeiros .

Na concreción anual do PXAD relacionaranse as medidas concretas a aplicar ao longo de cada curso escolar así coma as modificacións que se estimen oportunas. As de corte xeral deberían formar parte da estratexia metodolóxica do profesorado.

6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS:

Coa finalidade de poñer en funcionamento e explotar o potencial das medidas propostas, establécense:

a) Criterios para garantir a coordinación vertical e horizontal das programacións das diferentes áreas:

- Tomando como referente o currículo establecido para cada etapa educativa nos correspondentes decretos, cada equipo de ciclo, baixo a dirección do seu coordinador ou coordinadora, elaborará a correspondente programación didáctica (artigos 56 e 57 do Dto. 374/1996).
- O profesorado de cada nivel elaborará a programación da súa área (programación de actividades e tarefas) partindo da concreción curricular do ciclo (artigo 58 do Dto. 374/1996 e Capítulo II, 2 da Orde do 22 de xullo de 1997). Esta programación deberá realizarse conxuntamente no caso de niveis que contén con máis dun curso ou grupo e con profesorado distinto para impartir a mesma área.
- A comisión de coordinación pedagóxica (CCP) establecerá os criterios para que a concreción curricular das distintas etapas que se impartan no centro, de ser o caso, garanta unha continuidade das ensinanzas e unha coherencia das metodoloxías.

b) Criterios para garantir a adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación ás circunstancias do alumnado:

- O profesorado deberá axustar os seus procesos de ensinanza e de avaliación ao que, de ser o caso, se estableza no informe psicopedagóxico de cada un dos alumnos ou alumnas que atende.
- A adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación deberá constar na correspondente programación de área.

c) Criterios para adaptar a distribución dos recursos humanos (profesorado) ao conxunto do alumnado:

Unha vez realizada a adscrición tanto de titorías como de especialidades, asignaranse ás horas de coordinacións, titorías, gardas... o resto, e ata completar as 25 horas semanais, completarase con horas de apoio na aula ás unidades que así o precisen, priorizando, sempre que sexa posible, os cursos inferiores fronte aos superiores e tendo en consideración:

1. Maior número de alumnado con necesidade específica de apoio educativo .
2. Programas educativos específicos
3. Maior número de alumnado con medidas de reforzo educativo.

d) Criterios para a utilización dos servizos de apoio (Apoio a Infantil):

Se priorizará tendo en conta:

1. Período de adaptación.

2. Número de alumnado tendo en conta a dinámica e características do grupo.

3. Características do grupo

Este apoio, como os demais, será factible de modificación ao longo do curso e se terá en conta para a valoración das necesidades tanto a opinión da titora, a dos especialistas que traballan nela así como a opinión da Xefatura de estudos e da Orientadora.

e) Criterios para a utilización dos servizos de apoio (PT e/ou AL):

Entendendo por servizos de apoio ao profesorado especialista de PT e/ou AL que obtivo destino por medio desa especialidade, a distribución dos seus servizos realizarse atendendo aos seguintes criterios prioritarios:

1. Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
2. Atenderase ao alumnado obxecto dunha adaptación curricular individual.
3. Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, priorizando en Primaria, sempre que sexa posible, de nivel inferior ao superior.
4. En educación infantil só se apoiará en casos graves, determinados no correspondente informe psicopedagóxico.
5. Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.
6. De ser o caso, atenderase primeiro aos RE que repiten curso co os que non.
7. O apoio será, salvo casos que necesiten unha terapia individual moi específica, dentro da aula ordinaria.
8. Ao remate de cada curso, o profesorado de PT e/ou AL informará por escrito desas medidas, segundo o modelo de informe elaborado polo departamento de orientación.

e) Criterios para a solicitude ou demanda dunha avaliación psicopedagóxica:

Para a solicitude de avaliación psicopedagóxica por parte da xefatura do departamento de orientación establécese o seguinte procedemento:

1. A solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación poderá realizarse polo profesorado titor, pola familia ou polo propio Servizo de Inspección Educativa.
2. As solicitudes de intervención procedentes do profesorado titor ou da propia familia deberán realizarse por escrito, segundo o modelo de solicitude establecido pola xefatura do departamento de orientación. O departamento de Orientación deberá dar copia da solicitude de intervención a xefatura de estudos.

f) Criterios para a elaboración dun programa de acollida:

O programa de acollida terá en consideración:

1. O alumnado que se incorpora por primeira vez ao centro, sexa por ser de nova escolarización, sexa por traslado desde outro centro.
2. O profesorado de nova incorporación.

g) Criterios para a elaboración dun programa de preparación para a ESO

O programa de preparación para a ESO deberá considerar :

1. O alumnado de 6º curso de educación primaria.
2. As familias deste alumnado.
3. A estrutura das ensinanzas da ESO.
4. A oferta educativa dos centros do contorno, ou de adscrición que imparten ESO.

h) Criterios para a elaboración dun programa preventivo de identificación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE) e das súas necesidades educativas:

Os principios de prevención (detección precoz e intervención) deberán facerse operativos, entre outras medidas, mediante un programa de identificación precoz do ANEAE. O deseño e elaboración deste programa terá en consideración:

1. A súa aplicación debe abranguer á totalidade do alumnado.
2. Centrarase nos principais momentos evolutivos e/ou curriculares.
3. Dos seus resultados informarase ao profesorado e ás familias. De considerarse oportuno poderíase estender ao alumnado.
4. Os resultados deberán usarse para orientar os programas (re)educativos.
5. O seu deseño, aplicación e xestión será responsabilidade da xefatura do departamento de orientación.

i) Criterios para a oferta de medidas de reforzo educativo:

A oferta de medidas de reforzo educativo atenderá aos seguintes criterios:

1. Serán de oferta ao alumnado repetidor e o que promocióne sen ter acadados os obxectivos.
2. Serán de oferta ao alumnado con avaliación trimestral negativa nalgunha área.
3. Serán responsabilidade do profesorado que imparte a área, quen informará ao mestre ou mestra titora.
4. O profesorado titor informará á xefatura de estudos e á familia das medidas de reforzo educativo a aplicar.
5. Ao remate de cada curso, a mestra ou o mestre titor informará por escrito desas medidas, segundo o modelo de informe elaborado polo departamento de orientación.

j) Criterios para a elaboración dun programa de habilidades sociais:

O programa de habilidades sociais, que ten como grandes finalidades a prevención de condutas disruptivas e ao alumnado que foi obxecto de privación de asistencia ao centro educativo, deberá contemplar:

1. Á totalidade do alumnado, á totalidade dos niveis.
2. Ser “traballado” polo profesorado titor e aplicado pola totalidade do profesorado.

k) Criterios para a oferta de grupos de adquisición das linguas e/ou de adaptación da competencia curricular:

Considerando o establecido na normativa que regula a atención ao alumnado estranxeiro, para a oferta de grupos de adquisición das linguas e/ou de adaptación

da competencia curricular será necesario que se trate de alumnado procedente do estranxeiro no curso académico para o que se solicita a medida ou medidas e que:

1. Descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia –no caso dos grupos de adquisición das linguas- ou presente un retraso curricular de dous ou máis cursos con respecto ao nivel no que está escolarizado –no caso dos grupos de adaptación da competencia curricular-.
2. Non conte con adaptación curricular.
3. O centro educativo conte con profesorado con dispoñibilidade horaria para aplicar esa medida.
4. Exista un informe favorable do profesorado titor e outro da xefatura do departamento de orientación.
5. Sexan autorizadas pola xefatura territorial.

l) Criterios para a oferta de adaptación do currículo:

Considerando o establecido na normativa que regula as adaptacións curriculares, a oferta desta medida ao alumnado axustarase aos seguintes criterios:

1. Tratarse de alumnado con necesidades educativas especiais cun desfase curricular de dous ou máis niveis ou cursos con respecto ao nivel ou curso no que está matriculado.
2. Tratarse de alumnado cunha discapacidade física ou sensorial que lle impida acceder a algún elemento do seu currículo de referencia.
3. Que esa medida teña en conta o informe psicopedagóxico elaborado pola xefatura do departamento de orientación.
4. Que esa medida conte co acordo favorable na reunión inicial do equipo docente e a xefatura do departamento de orientación coa xefatura de estudos.
5. Que as áreas a adaptar se realicen no marco (modelo) acordado polo centro.

m) Criterios para o deseño dun modelo para planificar as áreas dunha adaptación curricular:

As áreas dunha adaptación curricular deben seguir o mesmo modelo de planificación. Este modelo, que deberá consensuarse na reunión na que se adopte a decisión de adaptar o currículo dun determinado alumno ou alumna, deberá:

1. Facer visibles o currículo de referencia e o currículo adaptado.
2. Definir con precisión as competencias adquiridas respecto do currículo de referencia.
3. Considerar o grao de desenvolvemento das competencias básicas e a súa avaliación.
4. Establecer con precisión os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación do currículo adaptado.
5. Realizar unha proposta dos recursos a usar.

n) Criterios para a oferta de enriquecemento curricular ou de flexibilización ao alumnado con altas capacidades intelectuais e ao que presenta necesidades educativas especiais:

Os criterios para o enriquecemento curricular e para a redución ou ampliación do tempo de escolarización do alumnado identificado, respectivamente, con altas

capacidades intelectuais ou con necesidades educativas especiais axustaranse ao establecido na normativa que regula esas medidas.

7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO:

Con este epígrafe trátase de recoller aquelas actuacións profesionais que permitan facer realidade as medidas propostas, non de establecer ou recordar as funcións que xa están debidamente reguladas. En consecuencia, enténdese que as medidas a poñer en marcha requiren os seguintes compromisos:

a) Por parte do equipo directivo:

O equipo directivo deberá:

1. Garantir que se cumpren os criterios establecidos para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
2. Diseñar un procedemento para que as concrecións curriculares das diferentes etapas garantan unha coordinación vertical e horizontal.
3. Facilitar, na medida do posible, á proposta de prestación de apoio do profesorado de PT e/ou AL realizada pola xefatura do departamento de orientación.
4. Convocar e presidir as reunións de coordinación que se determinan no epígrafe correspondente.

b) Por parte do profesorado tutor:

1. Informar debidamente a cada unha das familias afectadas sobre as medidas propostas para o seu fillo ou filla, recadando a súa autorización ou conformidade no caso das medidas que así o teñan establecido.
2. Solicitar as avaliacións psicopedagóxicas no modelo facilitado pola xefatura do departamento de orientación, colaborando coa orientadora ou co orientador no proceso de exploración.
3. Realizar as convocatorias do equipo docente para a elaboración das adaptacións curriculares e para o seu seguimento e avaliación, levantando as correspondentes actas.
4. Colaborar coa xefatura do departamento de orientación e co profesorado de apoio de PT e/ou AL no posible axuste horario para a prestación dese servizo ao alumnado da súa titoría.
5. Realizar, ao final de curso o informe titorial de reforzo educativo do alumnado da súa titoría que foi obxecto desa medida.(Xade)

c) Por parte do profesorado de PT e/ou AL:

1. Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na distribución dos servizos de apoio do profesorado de PT e/ou AL ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
2. Elaborar o plan de traballo para o alumnado que atende, en colaboración co profesorado da área que corresponda e segundo as orientacións da xefa ou do xefe do departamento de orientación

3. Realizar, ao final de curso e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, o informe de apoio educativo do alumnado ao que atendeu.

d) Por parte do resto do profesorado:

1. Realizar a adaptación curricular da área que ten encomendada, no caso do alumnado ao que se decidiu aplicar esa medida, dentro dos prazos acordados e segundo o modelo establecido para o centro.
2. Facilitar ao profesorado titor, no que atinxe á súa área, a competencia curricular daquel alumnado ao que se vai solicitar unha avaliación psicopedagóxica.

e) Por parte da xefa ou do xefe do departamento de orientación:

1. Realizar a proposta de intervención do profesorado de PT e AL unha vez considerada a opinión dese profesorado e do profesorado titor.
2. Diseñar e dar a coñecer os modelos de demanda dunha avaliación psicopedagóxica por parte do profesorado titor e por parte das familias.
3. Responsabilizarse de que o departamento de orientación deseñe os modelos de documentos necesarios para o desenvolvemento deste plan (modelo no que planificar as áreas dunha adaptación curricular, modelo de informe fin de curso do profesorado de apoio, modelo de informe tutorial das medidas de reforzo educativo, etc.).
4. Diseñar, aplicar e informar ao profesorado titor, ás familias e ao alumnado dos resultados do programa preventivo de identificación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, así como das medidas educativas que, de ser o caso, corresponden.
5. Promover a elaboración e posta en práctica dos programas preventivos e de atención á diversidade que o centro considere necesarios. Entre eles: un programa para a mellora da comprensión lectora, un programa para o desenvolvemento da linguaxe oral, un programa de acollida, e un programa de habilidades sociais ...

f) Por parte do profesorado coordinador de ciclo:

1. Informar ás persoas integrantes do ciclo que coordina dos documentos sobre os que traballa o departamento de orientación, promovendo a análise daquelas propostas sobre as que o citado departamento solicita opinión do ciclo.
2. Trasladar ao departamento de orientación as opinións e propostas do ciclo que coordina.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

Enténdese a coordinación como o establecemento da rede de conexións entre os distintos elementos que interveñen no proceso educativo, coa finalidade de dar continuidade ao traballo realizado con anterioridade e contribuír a que se acaden os obxectivos propostos. Do que se trata, en síntese, é de que se adapten todas as circunstancias (profesorado, recursos materiais, servizos externos, etc.) á realidade do alumnado e non ao revés.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, establece nun dos seus principios que “A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais”. En consecuencia, enténdese que a coordinación interna debe considerar:

1. Un ámbito xeral, asentándose sobre:
 - a. Un proxecto educativo común.
 - b. Unha concreción curricular común.
 - c. Unha programación de ciclo-curso común.
2. Un ámbito concreto, que debe asentarse sobre:
 - a. A información existente nos documentos que conforman a carpeta do expediente do alumnado.
 - b. Os instrumentos de organización e xestión que elabore o centro, con claros criterios para o seu seguimento e avaliación.
 - c. O compromiso do claustro do profesorado na definición de aspectos mínimos (xerais) sobre a metodoloxía, onde se considere ao alumnado parte activa da súa aprendizaxe e se promova o seu dominio das competencias básicas.
 - d. O consenso sobre a información que debe formar parte dos procesos de avaliación inicial.
 - e. A unificación dos modelos de informes de fin de ciclo e de fin de etapa, ademais dos de apoio e reforzo educativo citados noutras epígrafes.

Ademais do indicado, a coordinación entre as etapas de educación infantil e educación primaria deste centro require o mantemento dunha reunión formal, convocada e presidida pola xefatura de estudos, entre o equipo docente de educación infantil e o do primeiro ciclo de educación primaria. Esta reunión debe celebrarse no inicio de cada curso, antes do comezo das clases, e nela trataranse de analizar os aspectos curriculares xerais do traballado en educación infantil e as posibles directrices de traballo na nova etapa. A esta reunión deberá asistir a xefa ou o xefe do departamento de orientación.

A colaboración ou coordinación cos centros adscritos e cos de adscripción debe asentarse, cando menos, sobre:

1. O traslado de toda a información que debe acompañar o expediente do alumnado.
2. O intercambio de información entre as xefaturas dos departamentos de orientación dos distintos centros.(reunión canto menos trimestral)

3. As posibles reunións entre os equipos docentes afectados (o do centro educativo de curso que acaba de rematar e o do centro educativo do curso que acaba de comezar). Estas reunións, de ser o caso, deberán convocarse conxuntamente polas xefaturas de estudo dos centros afectados.

9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

O citado Decreto 229/2011 dispón que *“Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado ...”* e que estas recibirán *“... información e asesoramento que lles axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros”*. En consecuencia, para dar contido a esa colaboración, establécense as seguintes accións:

1. Mantemento dunha reunión tutorial xeral en cada trimestre, realizándose a 1ª antes do 31 de outubro.
2. Determinación dos contidos mínimos a tratar nesas reunións, sendo estes os seguintes:
 - a. Primeira reunión:
 - Información básica sobre o modelo educativo que preside o PEC.
 - Información sobre a Concreción Curricular, a súa autoría e utilidade.
 - Información sobre o calendario escolar.
 - Aclaración da liña metodolóxica usada na aula e sobre aspectos como: materiais necesarios, contidos a traballar, actividades de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación, actividades de reforzo e de ampliación, apoios e RE, criterios de promoción, nivel de colaboración familiar, a información ás familias, etc.
 - Información dos principais aspectos das NOF e da PXA, en concreto: estrutura organizativa, horarios de cada clase e criterios usados, horas de tutoría e/ou atención ás familias, actividades complementarias e extraescolares, control da asistencia e xustificación das faltas, normas de convivencia, etc.
 - Información sobre os programas do departamento de orientación e outros para atender a diversidade.
 - b. Segunda reunión:
 - Información sobre o desenvolvemento do programado.
 - Informaccións varias: desenvolvemento dos plans...
 - Desenvolvemento ,de ser o caso ,dalgunha actividade formativa para as familias.
 - c. Terceira reunión:
 - Información dos resultados.
 - Orientacións para o período vacacional.

- Presentación do posible traballo de verán.
 - Breve “anticipación” do próximo curso.
3. Colaboración departamento de orientación / equipo docente para a elaboración de circulares informativas sobre o proceso de ensino e aprendizaxe e sobre a colaboración-participación das familias nese proceso.
 4. Disponibilidade para recabar e/ou trasladar aos servizos sociais, sanitarios, asistenciais, etc. aquela información relevante para o proceso educativo. Este “trasvase” de información deberá realizarse formalmente (por escrito), previa solicitude escrita e fundamentada.

10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS e outros protocolos de interese-

Os protocolos de uso no centro –que se presentan como anexos, dada a súa diferente configuración- son os que figuran na seguinte relación:

**Referentes á detección de necesidades :*

1. Anexo 1: Cuestionario previo de avaliación psicopedagóxica para o profesorado de infantil.
2. Anexo 2: Cuestionario previo de avaliación psicopedagóxica para o profesorado do 1º ciclo de primaria.
3. Anexo 3: Cuestionario previo de avaliación psicopedagóxica para o profesorado do 2º ciclo de primaria.
Anexo 3: Cuestionario previo de avaliación psicopedagóxica para o profesorado do 3º ciclo de primaria.
4. Anexo 4: Cuestionario previo de avaliación psicopedagóxica para as familias.
5. Anexo 5. Entrevista Inicial educación Infantil. (Xade)
6. Anexo 6. Modelo de petición de resumo do Informe Psicopedagóxico
7. Anexo 7. Estrutura básica dun ditame de escolarización.
8. Anexo 8 .Modelo de valoración da familia ante un ditame de escolarización.

**Referentes ás medidas adoptadas :*

9. Anexo 9. Modelo de conformidade familia medidas adoptadas
10. Anexo 10. Modelo autorización (AL)
11. Anexo 11. Modelo autorización (PT)
12. Anexo 12. Estrutura básica dunha adaptación curricular.
13. Anexo 13. Marco de planificación da área ou áreas adaptadas (AC)
14. Anexo 14. Modelo de acreditación da información á familia. (AC)

**Referentes ao seguimento das medidas adoptadas :*

15. Anexo 15. Modelo de Informe de seguimento individual (DO)
16. Anexo 16. Modelo de seguimento individual (PT)
17. Anexo 17. Modelo de seguimento individual (AL)
18. Anexo 18. Modelo reunión de coordinación coordinación DO/PT/AL

19. Anexo 19. Modelo de informe final de curso das medidas de apoio educativo (PT e/ou AL).
20. Anexo 20. Modelo de informe titorial das medidas de reforzo educativo (RE).(Xade)
21. Anexo 21 . Modelo de seguimento do PXAD

11. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O seguimento e avaliación deste PXAD realizarase segundo o procedemento seguinte:

1. Ao final do 1º e do 2º trimestres o departamento de orientación, considerando os informes de execución facilitados polos diferentes ciclos a través do seu coordinador ou coordinadora, emitirá un informe, que trasladará ao equipo directivo.
2. A dirección do centro responsabilizarase da análise do informe anterior polo claustro do profesorado e da posterior incorporación ao seguimento da PXA.
3. Ao final de curso, seguindo o procedemento que figura nas dúas epígrafes anteriores, realizarase a avaliación do PXAD. Nesa avaliación figurarán, de ser o caso, as propostas de mellora para o curso seguinte.
4. Tanto o informe de avaliación como, de ser o caso, as propostas de mellora incorporaranse á memoria final da PXA.
5. O seguimento e a avaliación por parte dos diferentes equipos de ciclo realizarase en base aos seguintes indicadores:
 - a. Elaboración dun programa para a mellora da comprensión lectora.
 - b. Aplicación do programa para a mellora da comprensión lectora.
 - c. Práctica do modelado e establecemento de rutinas de traballo.
 - d. Promoción do traballo colaborativo.
 - e. Valoración do esforzo e potenciación da autoestima.
 - f. Elaboración dun programa para a mellora da expresión oral.
 - g. Aplicación do programa para a mellora da expresión oral.
 - h. Coordinación vertical e horizontal das programacións das diferentes áreas.
 - i. Adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación ás circunstancias do alumnado.
 - j. Establecemento de criterios para a adscrición do profesorado.
 - k. Establecemento de criterios para a utilización dos servizos de apoio.
 - l. Elaboración dun modelo de solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación por parte do profesorado.
 - m. Elaboración dun modelo de solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación por parte das familias.

- n. Elaboración dun programa para a acollida do alumnado e do profesorado de nova incorporación.
 - o. Elaboración dun programa para a preparación do alumnado e das súas familias cambio de etapa significativas (infantil e 2º cicloEP).
 - p. Deseño dun modelo no que planificar as áreas dunha adaptación curricular.
 - q. Elaboración dun programa para a identificación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
 - r. Elaboración dun informe titorial sobre as medidas de reforzo educativo aplicadas a cada alumna ou alumno.
 - s. Elaboración dun informe final de curso, por parte do profesorado de PT e/ou AL, sobre as medidas de apoio educativo.
 - t. Elaboración dun programa de habilidades sociais.
- O departamento de orientación, considerando os indicadores citados, responsabilizarase da elaboración do modelo no que deben informar os distintos ciclos.

Aprobado en sesión de Consello escolar o 11 de marzo do 2014